



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019 / 2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO - 32011901

ETAPA: PRIMARIA

CURSO: 3º

MATERIA: MATEMÁTICAS

DOCENTE: MIGUEL CABARCOS ROUCO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO

Terra de Souto, s/n
32310 Rubiá (Ourense)

ceip.virxedocamino@edu.xunta.gal

Tel. 988324205

ÍNDICE	PÁXINA
1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPENTECIAS IMPRESCINDIBLES.	3
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.	4
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE	4
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	5



1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas.	MTB1.2.2. Utiliza estratexias e procesos de razoamento na resolución de problemas. Competencias clave: CMCT –CCL-CAA- CSIEE
B1.5. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	MTB1.5.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada. Competencias clave: CMCT – CSC- CSIEE
B2.3 Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as súas propiedades, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará, usando o máis adecuado.	MTB2.3.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador na resolución de problemas contextualizados. Competencias clave: CMCT -CAA
B2.4. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números.	MTB2.4.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división (de ata dúas cifras) con distintos tipos de números. Competencias clave: CMCT- CAA
B2.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.5.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións. Competencias clave: CMCT -CAA
B4.1. Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo.	MTB4.1.1. Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lade entre ángulos. Competencias clave: CMCT- CD - CAA
B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... comunicando a información.	MTB5.1.1. Identifica datos cualitativos e cuantitativos en situacións familiares. Competencias clave: CMCT - CAA



2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN	<i>Procedementos de avaliación: A avaliación que se vai desenvolver é fundamentalmente a través da análise do seu traballo diario, esforzo e as tarefas realizadas no seu caderno de clase; xa que as tarefas da aula virtual están a facelas en ditos cadernos.</i>
	<i>Instrumentos de avaliación: Mediante a observación diaria do seu traballo e o caderno de tarefas realizadas, para valorar a actividade que desenvolva nas propostas de traballo que se fagan na aula virtual.</i>
CUALIFICACIÓN FINAL:	<i>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: O procedemento para obter a cualificación final do curso será mediante a realización da media aritmética da 1ª e 2ª avaliación. Ademais, terase en conta de forma positiva o traballo e esforzo do alumnado na 3ª avaliación á hora de poñer a nota final..</i>

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

ACTIVIDADES	Realizaranse actividades de repaso e reforzo dos temas xa estudados. Ademais, avanzaremos e ampliaremos materia do 3º trimestre, abordando unicamente os contidos máis básicos e importantes de dito trimestre.
METODOLOXÍA (<i>alumnado con conectividade e alumnado sen conectividade</i>)	A metodoloxía que se vai empregar procurará unha aprendizaxe significativa, dándolle ao labor didáctico un enfoque globalizado, e na medida das posibilidades de cada alumno/a. Poñeremos especial atención nun trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno, atendendo aos seus ritmos de aprendizaxe e aos seus intereses persoais.
MATERIAIS E RECURSOS	Os materiais e recursos a utilizar: <ul style="list-style-type: none">- Os libros de texto e os cadernos de cada materia.- Video-tutoriais por parte do mestre coas correspondentes explicacións ou correccións.- Fichas de repaso e reforzo entregadas aos nenos mediante fotocopias.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO

Terra de Souto, s/n
32310 Rubiá (Ourense)

ceip.virxedocamino@edu.xunta.gal

Tel. 988324205

- Vídeos, arquivos , documentos adxuntos na aula virtual do centro.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

INFORMACIÓN AO
ALUMNADO E ÁS FAMILIAS

Á hora de informar ao alumnado e ás familias utilizarei como recursos o EspazoAbalar, o Chat da Aula Virtual do centro, o correo gmail do centro e o teléfono móbil.

PUBLICIDADE

Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedocamino/>